B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.

B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.

B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.

B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.

B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.

B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.

### 6. Bloque 6. Lingua e literatura

B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.

B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.

B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.

B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.

B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.

B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.

B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.

B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.

B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.

B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.

B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.

#### Bloque 7. Pervivencia na actualidade

B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.

B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

#### III.1.2.6. Metodoloxía didáctica

Dado o carácter optativo da materia de Cultura Clásica en 3º ESO e o abano de contidos que abarca, tentaremos dende o primeiro momento potenciar a motivación, participación e creatividade do alumnado no desenvolvemento das clases e das actividades a levar a cabo. Pensamos que non só é posible senón moi conveniente a súa participación activa nas clases realizando e corrixindo exercicios, expoñendo traballos de xeito individual o colectivo, lendo e analizando textos ou debatendo sobre temas traballados. Os alumnos deben ser protagonistas do súa propia aprendizaxe coa axuda do profesorado que en todo momento guiará e mediará nese proceso para que eles mesmos relacionen os novos coñecementos cos seus coñecementos previos; este aprendizaxe debe ser á vez funcional, é dicir, haberá que presentar os contidos da Cultura Clásica non nun contexto illado, senón articulado e relacionado coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Deste xeito a Cultura Clásica posibilitará aos alumnos unha maior competencia lingüística nas súas propias linguas e un acceso máis doado a outras linguas modernas.

As actividades propostas aos alumnos serán tanto individuais como grupais; as actividades en grupo favorecen o intercambio de información, o contraste de puntos



de vista e as actitudes de cooperación entre todos. Con este obxectivo programaranse actividades consistentes en sinxelos proxectos de busca, selección, procedemento e intercambio de información utilizando as tecnoloxías axeitadas.

O programa da materia véterbase en torno a sete bloques fundamentais do mundo clásico: a xeografía, a historia, a mitoloxía, a sociedade e vida cotiá, a lingua e literatura e a pervivencia na actualidade; en relación con cada un deles empregaremos xeitos distintos de abordar os diferentes obxectivos:

#### Bloque 1: XEOGRAFÍA.

Neste bloque intentaremos describir a grandes trazos o marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma, delimitando o ámbito de influencia de cada unha delas, e ubicando con certa precisión os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos máis coñecidos pola súa importancia histórica. Faise imprescindible traballar neste sentido con mapas históricos onde estudar eses aspectos determinantes do marco xeográfico que permitirán comprender aos alumnos as circunstancias que xustifican o apoxeo destas civilizacións grega e romana e que poden explicar os factores que xustifican esta relevancia.

#### Bloque 2: HISTORIA.

Analízanse aquí os principais fitos da historia de Grecia e Roma, situando o marco histórico no que se desenvolveron estas civilizacións dentro dun eixe cronolóxico; é importante que os alumnos identifiquen as circunstancias que orixinaron estes fitos, quen foron os principais actores e cales as súas consecuencias ao tempo que se lles mostra a influencia na nosa historia. Será moi importante incidir no recoñecemento do mundo antigo como precursor das formas democráticas de goberno na actualidade; debe ser destacada a importancia do xurdimento da democracia como forma de organizar o goberno, partindo da organización do modelo ateniense, verdadeira orixe da idea democrática e da igualdade dos cidadáns ante a lei.

#### Bloque 3: MITOLOXÍA.

Neste apartado faremos una aproximación á relación do home coas divindades no mundo antigo, intentando comprender os mitos clásicos como explicación dos fenómenos da natureza e da existencia ao mesmo tempo que aceptamos e valoramos elementos relixiosos grecolatinos como elementos da nosa cultura (tradicións, literatura, arte...); abordaremos o estudo da mitoloxía grecolatina dun xeito que nos permita o coñecemento dos deuses e deusas máis importantes do panteón clásicos e daqueles mitos que foron máis fecundos para as artes e, en xeral, para toda a cultura occidental. Levaremos a cabo pequenos traballos de investigación que nos revelen os cadros xenealóxicos coas relacións de parentesco entre os personaxes mitolóxicos (divindades, heroes, monstros ...) utilizando diversas fontes de información para que o alumnado se afaga a traballar con elas; así mesmo proxectaremos pequenos fragmentos de filmes, documentais e imaxes que nos permitan afondar nos mitos estudados nas clases.

## Bloque 4: ARTE

Coñecer as características esenciais da arte clásica é o punto de partida para entender a relación das manifestacións artísticas actuais cos modelos clásicos e valoralas na súa xunta medida; téntase que os alumnos, a vista de imaxes de aquelas obras máis significativas da escultura e a arquitectura grega e romana, identifiquen a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía, ao tempo que comprenden a súa influencia en modelos posteriores.

## Bloque 5: SOCIEDADE E VIDA COTIÁ

No apartado de sociedade, cómpre tratar diversos aspectos relevantes da cultura grecorromana que están vixentes hoxe en día na nosa cultura actual: infancia e educación, os mundos feminino e masculino, os espectáculos públicos, a política, o exército, o urbanismo, a historia da arte. Será moi importante incidir no recoñecemento do mundo antigo como precursor das formas democráticas de goberno na actualidade; debe ser destacada a importancia do xurdimento da democracia como forma de organizar o goberno, partindo da organización do modelo ateniense, verdadeira orixe da idea democrática e da igualdade dos cidadáns ante a lei.

### III.1.2.7. Procedementos e instrumentos de avaliación

Na nota expresada en cada avaliación numérica trimestral terase en conta a seguinte porcentaxe:

- 60 %: examen de avaliación trimestral
- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre

En caso de obter un número con decimal igual ou superior a 0.5 a nota media “redondearase” sempre e cando a valoración da “actitude” do alumno/a por parte do profesor sexa positiva. En caso contrario non se producirá o “redondeo”.

A non realización dun exame parcial ou dunha actividade obrigatoria sen causa xustificada implica a cualificación de 0 en ambos os casos. No caso do exame suporá ademais o suspenso na avaliación.

As faltas de ortografía restarán unha décima de punto.

Para aprobar necesítase acadar unha cualificación igual ou superior a 5. É obrigatorio facer todos os exames parciais, caso contrario a cualificación final será “suspenso”. A non realización inxustificada dalgún exame conlevará o suspenso na avaliación correspondente e na avaliación final ordinaria.

Dado que se trata dun proceso de avaliación continua non hai lugar para a realización de probas específicas de recuperación.

A cualificación final (ordinaria) da asignatura será a obtida na 3ª avaliación sempre e cando esta sexa superior á cualificación media das tres avaliacións (sen redondeo) e, para poder aprobar na avaliación final (ordinaria) sendo a cualificación da

3ª avaliación igual ou superior a 5 puntos, a cualificación media de cada avaliación será como mínimo de 3 puntos (sen redondeo).

No caso de que a cualificación da 3ª avaliación resulte inferior á media das tres avaliacións (sen redondeo) a cualificación final será esta última, sempre e cando (para a obtención como mínimo do aprobado na cualificación final ordinaria) a cualificación da 3ª avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos (o profesor/a poderá aplicar unha proba extraordinaria para a solución desta casuística).

Cando un alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na terceira avaliación pero cunha cualificación final dunha ou dúas avaliacións inferior a 3 puntos (sen redondeo), para poder aprobar deberá acreditar a obtención dunha cualificación igual ou superior a 3 puntos nun exame extraordinario (por cada avaliación na que non chegou a esa cualificación mínima de 3 puntos).

### AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para a avaliación dos estándares utilizaranse todos os instrumentos indicados no apartado anterior:

- no caso dos exames e para a avaliación da actitude, teranse en conta os contidos mínimos fixados para a materia.

- no caso dos traballos teranse en conta a adecuación do texto á proposta de investigación, a presentación axeitada, a corrección ortográfica e gramatical e a inclusión da bibliografía utilizada.

### AVALIACIÓN INICIAL

Durante os primeiros días de clase levarase a cabo unha proba de avaliación inicial cuxo obxectivo é comprobar a competencia lingüística do alumnado ao tempo que se poidan coñecer os coñecementos previos dos alumnos sobre o mundo clásico; se trata dun breve cuestionario cunha batería de preguntas sinxelas sobre datos históricos, personaxes relevantes do mundo antigo, expresións actuais que teñen a súa orixe na mitoloxía clásica, identificación dos monumentos clásicos máis significativos do patrimonio español e outras que permitan coñecer o grao de información que posúen ben por tela adquirida ao longo do proceso educativo, ou ben por lecturas persoais, visionado de películas e documentais ou por escoitar falar na vida cotiá.

Se ben non é relevante que teñan coñecementos previos, é certo tamén que en moitas ocasións dá unha idea aproximada do interese que esta materia, nos seus distintos apartados, suscita no alumnado, ao tempo que como actividade nos permite avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica na expresión escrita.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora.

### III.1.2.8. Actividades de recuperación

Cando os/as alumnos/-as non acaden os obxectivos poderanse propoñer actividades diversas orientadas a que consigan acadar os contidos mínimos.

#### PROBA DE SETEMBRO:

Aqueles alumnos/-as que non aproben a materia en xuño deberán examinarse de todo o temario nas probas de setembro.

Para aqueles alumnos e alumnas que non superasen en xuño a materia haberá unha proba no mes de setembro que consistirá nunha proba escrita (exame) similar aos realizados durante o curso de todo o temario; os contidos actitudinais no son, neste caso, obxecto de avaliación e polo tanto a cualificación final da avaliación de setembro virá determinada exclusivamente pola nota deste exame que é o único instrumento avaliador.

Por tratarse a Cultura Clásica dunha materia que se imparte por vez primeira no nivel de 3º ESO non existe alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.

### III.1.2.9. Materiais e recursos didácticos

Para o curso 2015 —2016 non hai libro de texto determinado para a materia de Cultura Clásica; traballaremos con materiais propios facendo uso tamén das valiosas achegas de manuais de diversas editoriais e do fondos bibliográficos que se atopan á nosa disposición na Biblioteca do centro. Os diversos contidos desta materia permítennos abordala empregando un amplo abano de recursos: mapas, textos detalladamente ilustrados que lles resultarán moi atractivos aos alumnos, dicionarios e manuais de mitoloxía clásica, pequenos documentais sobre aspectos concretos do mundo clásico, CD-ROMS interactivos, páxinas web moi interesantes que aportan imaxes de gran calidade tratadas como documentos que apoian o estudado e amplían a información. Ás veces é o propio alumnado que aporta material de interese como libros que eles mesmos posúen xeralmente de mitoloxía, cómics realizados sobre adaptacións de clásicos grecolatinos, dicionarios visuais...; estes materiais son sempre ben acollidos e celebrados pois amosan o interese demostrado pola materia e contribúen eficazmente a facelos protagonistas do seu proxecto de aprendizaxe.

### III.1.2.10. Actividades complementarias e extraescolares

Non hai programada ningunha actividade complementaria nin extraescolar para o nivel de 3º da ESO neste curso 2015-2016.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse establecer todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

## III.1.3. 4º ESO

### III.1.3.1. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A. Competencia en comunicación lingüística.

A contribución da nosa materia a esta competencia é importante non só porque implica a lectura comprensiva de textos que falan dunha realidade afastada xeográfica e cronoloxicamente do contorno do alumnado, e a síntese tanto na expresión oral como escrita, senón, e dun xeito especial, por ser un instrumento inmejorable para a adquisición dun vocabulario máis amplo baseado nos termos que se explican ao longo do curso.

Por outra parte, a introdución breve ao estudo diacrónico das linguas, incluído nos obxectivos, contribuirá a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico.

#### B. Competencia no coñecemento e na interacción do mundo físico.

A través do coñecemento de como gregos e romanos se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais e de como os transformaron.

#### C. Competencia na expresión cultural e artística.

Mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura e da arte en xeral, co conseguinte aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, así como a valoración crítica das creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas. Ademais, o coñecemento dos restos arqueolóxicos debe contribuír a aprender a valorar e respectar tanto as obras do pasado como o esforzo que supón a súa conservación.

#### D. Competencia social e cidadá.

Por medio do coñecemento das institucións e do modo de vida dos gregos e dos romanos, que servirá como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitacións dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividade, no ámbito dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina, implicando ao alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

#### E. Tratamento da información e competencia dixital.

A través do uso crítico da rede nas actividades de recollida, selección e análise da información, así como do emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula.

#### F. Competencia para aprender a aprender.

O estudo dos elementos básicos das linguas grega e latina favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

#### G. Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Dado que se utilizan procedementos que esixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non se render ante un resultado inadecuado, fomentando o afán de superación.

### III.1.3.2. OBXECTIVOS

- Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes das culturas grega e latina.

- Recoñecer e identificar aspectos diversos da cultura grecolatina relativos á lingua, á literatura, á ciencia, á técnica, ao dereito, á Administración do Estado, ao urbanismo, á arquitectura, ás artes plásticas, valorando a súa unidade e, ao mesmo tempo, a diversidade.

- Valorar a mitoloxía clásica, especialmente a grega, como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura ao longo da historia europea. Identificar en formas de relixiosidade actuais elementos que estean presentes nos mitos ou ritos propios da relixión grecorromana.

- Valorar a conciencia de pertenza a un contorno social e cultural, identificando elementos de continuidade da cultura clásica na propia, respectando a diversidade de identidades culturais.

- Identificar as raíces clásicas de valores actuais nos ámbitos da educación, o pensamento, o dereito, a política, valorando os elementos que hai que preservar e os elementos os que hai que revisar.

- Recoñecer e valorar as pegadas da cultura clásica en contextos artísticos, lingüísticos e científico-técnicos, entre outros, tanto na cultura occidental como noutras culturas pasadas e presentes.

- Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes.

- Identificar, agrupar e comprender os rastros das linguas clásicas nos diferentes eidos da lingua actual.

### III.1.3.3. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE

1º trimestre

1. Marco xeográfico do mundo clásico: características físicas; toponimia; lugares significativos; xeografía mítica.

2. O mundo grego. Desenvolvemento histórico.

- Características do mundo político grego: o sentimento de unidade fronte á fragmentación política.

- Culturas prehelénicas. Arte cretense e micénica. A escritura.

- A etapa escura.

- Período arcaico: o nacemento da literatura épica e lírica. Arte arcaica. As colonizacións. Os deuses homéricos. Iconografía dos deuses.

- Época clásica. A democracia ateniense. A cidade de Atenas, Pericles e Fidias. O Partenón. Arte clásica. A literatura clásica: o teatro, a historiografía, a oratoria.

- Época helenística: a expansión da cultura grega. A arte helenística.

2º trimestre

3. O mundo romano:

- Marco xeográfico: características físicas; toponimia; lugares significativos; xeografía mítica.

- As lendas fundacionais.

- Os sete reis. Época etrusca.

- A res publica. As conquistas. A crise do sistema republicano. Literatura da época republicana: Catón, Cicerón, Catulo, César.

- O imperio. Arte e cultura.

- A romanización. Gallaecia.

- A cidade de Roma. Outras cidades: Pompeia, Ostia. Vida cotiá.

- A relixión romana. O culto imperial. O cristianismo.

3º trimestre

4. Elementos da herdanza clásica

- A transmisión e interpretación da cultura clásica ao longo da historia: os copistas medievais, o Renacemento, o Neoclasicismo.

- Herdanza lingüística: as linguas romances.

- Presenza das linguas clásicas: cultismos e palabras técnicas de orixe grega, o latín como lingua das ciencias, aforismos e expresións latinas. Prefixos e elementos de formación de palabras de orixe grecolatina.

#### III.1.3.4. CONTIDOS MÍNIMOS.

- Marco xeográfico do mundo clásico. Grecia e Roma.

- Períodos e acontecementos máis destacados da historia de Grecia e de Roma.

- A sociedade grega. Arte e literatura.

- A sociedade romana. Arte e literatura.
- A relixión romana.
- A romanización.
- Herdanza lingüística de Roma: as linguas romances. Cultismos: latinismos e helenismos de uso frecuente.

#### III.1.3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos e culturais.

- Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos máis relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.

- Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e de Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.

- Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e o artístico na Gallaecia e en Hispania.

- Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.

- Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais.

- Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.

- Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario.

- Identificar aspectos significativos da achega da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica.

- Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.

- Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

#### III.1.3.6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN . PAUTAS DE CORRECCIÓN.

Na nota expresada en cada avaliación numérica trimestral terase en conta a seguinte porcentaxe:

- 60 %: examen de avaliación trimestral



- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre

En caso de obter un número con decimal igual ou superior a 0.5 a nota media “redondearase” sempre e cando a valoración da “actitude” do alumno/a por parte do profesor sexa positiva. En caso contrario non se producirá o “redondeo”.

A non realización dun exame parcial ou dunha actividade obrigatoria sen causa xustificada implica a cualificación de 0 en ambos os casos. No caso do exame suporá ademais o suspenso na avaliación.

As faltas de ortografía restarán unha décima de punto.

Para aprobar necesítase acadar unha cualificación igual ou superior a 5. É obrigatorio facer todos os exames parciais, caso contrario a cualificación final será “suspenso”. A non realización inxustificada dalgún exame conlevará o suspenso na avaliación correspondente e na avaliación final ordinaria.

Dado que se trata dun proceso de avaliación continua non hai lugar para a realización de probas específicas de recuperación.

A cualificación final (ordinaria) da asignatura será a obtida na 3ª avaliación sempre e cando esta sexa superior á cualificación media das tres avaliacións (sen redondeo) e, para poder aprobar na avaliación final (ordinaria) sendo a cualificación da 3ª avaliación igual ou superior a 5 puntos, a cualificación media de cada avaliación será como mínimo de 3 puntos (sen redondeo).

No caso de que a cualificación da 3ª avaliación resulte inferior á media das tres avaliacións (sen redondeo) a cualificación final será esta última, sempre e cando (para a obtención como mínimo do aprobado na cualificación final ordinaria) a cualificación da 3ª avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos (o profesor/a poderá aplicar unha proba extraordinaria para a solución desta casuística).

Cando un alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na terceira avaliación pero cunha cualificación final dunha ou dúas avaliacións inferior a 3 puntos (sen redondeo), para poder aprobar deberá acreditar a obtención dunha cualificación igual ou superior a 3 puntos nun exame extraordinario (por cada avaliación na que non chegou a esa cualificación mínima de 3 puntos).

## III.2 LATÍN

### III.2.1. Competencias Básicas

#### A. Competencia en comunicación lingüística

O feito de que o latín sexa a lingua nai das nosas linguas vernáculas confírelle un papel moi importante no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. O achegamento ao latín dos alumnos e alumnas neste curso de iniciación permitiralles reflexionar sobre as estruturas propias do galego e do castelán e das linguas flexivas en xeral, de xeito que favoreza a súa aprendizaxe e uso. O coñecemento dun certo vocabulario latino deberá redundar na adquisición e emprego comprensivo de vocabulario galego e castelán, na mellora da capacidade comunicativa e mesmo da corrección ortográfica das producións escritas.

#### B. Tratamento da información e competencia dixital

Xa hai bastantes anos que o latín chegou a Internet. Existen na actualidade moitas páxinas de calidade que permiten aos alumnos realizar exercicios, practicar mediante xogos aspectos da gramática ou da sintaxe latinas e acceder a toda clase de información relacionada co latín e coa civilización romana.

Consideramos que é precisamente neste aspecto onde os profesores podemos instruír aos alumnos no emprego deste magnífico instrumento (pois noutros eles, ás veces, supérannos), quero dicir, nós podemos ensinalles a acceder á información en páxinas descoñecidas para eles e, o que é máis importante, a recoñecer a fiabilidade das fontes e a seleccionar a información relevante. Con todo, parécenos importante recordar que a información segue a estar tamén nos textos, manuais, dicionarios e noutros recursos que temos á nosa disposición a biblioteca do noso centro.

#### C. Competencia social e cidadá

O coñecemento doutras civilizacións, no noso caso a romana, permite xulgar a propia de xeito máis obxectivo, tanto nas súas virtudes e valores como nos seus defectos. Por outra banda, na civilización romana, como base da nosa civilización e cultura, podemos rastrexarnos, recoñecernos e explicármonos, identificar moitos dos elementos que fixeron que hoxe sexamos o que somos e como somos e, polo tanto, aprender a respectar, desde a propia identidade, a identidade dos outros e desenvolver a capacidade de convivencia e tolerancia.

#### D. Competencia artística e cultural

Dotar aos alumnos da capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas non é unha tarefa doada. Grandes artistas e grandes obras mestras a miúdo non foron recoñecidas polos seus contemporáneos. Quizás nisto gocemos de que o noso é o mundo clásico, cousas moi vellas e distantes no tempo, o que por si só reviste as manifestacións artísticas romanas dun certo “halo reverencial”. Tamén os restos arqueolóxicos romanos espertan a curiosidade e o interese dos alumnos. Un vello profesor dicía que “ninguén pode resistirse a facer arqueoloxía”. Adquirir a capacidade de gozar coa lectura dos

autores latinos soe ser o máis difícil para alumnos deste nivel académico pero entre as súas obras sempre se poden atopar pequenas xoias que moitas veces os sorprenden e ata os fascinan.

#### E. Competencia para aprender a aprender

Probablemente estudar lingua latina sexa unha das aprendizaxes máis valeiras de contido para moitos alumnos que continuarán os seus estudos por camiños afastados da nosa disciplina, pero probablemente tamén sexa unha das máis útiles, aínda sen que eles mesmos o perciban. Cando atopo antigos alumnos de latín pola rúa e especialmente se o foron hai xa bastantes anos soen dicirme “ xa non recordo máis que rosa, rosae “. A miña resposta sempre é a mesma : “nin falla que fai. Para que che valería recordar todas as declinacións?” Pero na miña opinión, se hai algo que os alumnos de latín non van poder esquecer nunca é a práctica de analizar, relacionar, reflexionar, comparar, distinguir... Esas son as destrezas que a nosa disciplina traballa de xeito sistemático un día e o seguinte e o outro máis, é dicir, nós traballamos diariamente a competencia de aprender a aprender porque non existe outro xeito de aprender latín.

#### F. Competencia en autonomía e iniciativa persoal

Os grupos de latín están constituídos habitualmente por un número de alumnos inferior ao doutras disciplinas o que permite que a formulación metodolóxica das clases estea orientada á participación permanente e cotiá do alumnado. Agás as explicacións dos contidos conceptuais, as tarefas son realizadas polos propios alumnos baixo a supervisión do profesor sen que o profesor decida quen vai ser o que lea un texto ou o que corrixa un exercicio. Do mesmo xeito eles escollen entre varias propostas o tema sobre o que vai versar o traballo de cultura e civilización e a forma de realizalo e expoñelo. Consideramos que este xeito de traballar contribúe notablemente ao desenvolvemento das iniciativas persoais e a regulación gradual por parte de cada alumno e alumna da súa propia actividade participativa, individual ou colectivamente.

### III.2.2. LATÍN 4º ESO

#### III.2.2.1. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

##### A. Competencia en comunicación lingüística.

O estudo do latín contribúe de xeito manifesto ao desenvolvemento desta competencia, tendo en conta que o coñecemento da estrutura da lingua latina proporciona un coñecemento máis profundo das linguas románicas e doutras que comparten trazos de natureza morfosintáctica ou léxica co latín. Ademais, o coñecemento dos fenómenos de evolución fonética e dos procedementos para a formación de palabras, contribúe á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. Os coñecementos de etimoloxía proporcionan a comprensión e incorporación dun vocabulario culto, que aporta non só o coñecemento das palabras adquiridas senón tamén o das realidades ou conceptos que estas encerran. A adquisición da conciencia

da evolución das linguas e das variedades de linguas existentes favorece o coñecemento das características propias de cada lingua e o respecto polas diferentes linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, así como o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas, favorecendo deste xeito o diálogo entre culturas.

#### B. Competencia na expresión cultural e artística.

Mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura e da arte en xeral, co conseguinte aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, así como a valoración crítica das creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas. Ademais, o coñecemento dos restos arqueolóxicos debe contribuír a aprender a valorar e respectar tanto as obras do pasado como o esforzo que supón a súa conservación.

#### C. Competencia social e cidadá.

Por medio do coñecemento das institucións e do modo de vida dos romanos, que servirá como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitacións dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina, implicando ao alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

#### D. Tratamento da información e competencia dixital.

A través do uso crítico da rede nas actividades de recollida, selección e análise da información, así como do emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula.

#### E. Competencia para aprender a aprender.

O estudo dos elementos básicos da lingua latina favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

#### F. Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Dado que se utilizan procedementos que esixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non se render ante un resultado inadecuado, fomentando o afán de superación.

### III.2.2.2. OBXECTIVOS

- Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente seducible.

- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

- Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.

- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.

- Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

- Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.

- Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.

- Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.

- Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

- Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

### III.2.2.3. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE.

1º trimestre:

#### I. LINGUA LATINA:

-O abecedario e a pronunciación clásica e posclásica do latín. As regras de acentuación: a lei da penúltima. Vogais breves e longas.

-O latín: lingua flexiva. Palabras variables e invariables.

-O substantivo: xénero e número. Os casos e os seus principais valores sintácticos.

-Flexión dos temas en –a e en -o.

-O adxectivo: clasificación. Flexión dos adxectivos da 1ª e 2ª declinacións.

-O verbo: accidentes gramaticais. O presente de indicativo de SVM.

-Presente e pretérito imperfecto de indicativo dos verbos regulares.

-A oración simple: os seus compoñentes básicos.

-Lectura e interpretación de textos de pouca complexidade.

## II. HISTORIA E EVOLUCIÓN DA LINGUA LATINA:

-Orixe da lingua latina. O indoeuropeo: grupos de linguas indoeuropeas.

-Variedades diacrónicas do latín. Os distintos rexistros: latín culto e latín vulgar.

## III. FORMACIÓN DE PALABRAS:

-Etimoloxía: concepto. Definición de palabras partindo dos seus étimos.

-Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua. Procedementos de derivación.

-Latinismos e locucións latinas.

## IV. VÍAS NON LINGÜÍSTICAS DE TRANSMISIÓN DO MUNDO CLÁSICO:

-Marco xeográfico e histórico Roma a evolución do sistema político romano.

-As institucións e a vida cotiá. A relixión. Interpretación dos seus referentes dende a nosa perspectiva sociocultural.

-Os xéneros literarios en prosa: historiografía, oratoria e novela.

-Lectura de textos literarios: selección de textos en prosa de distintos autores latinos que ilustren distintos aspectos da evolución histórica e social de Roma (César, Salustio, Tito Livio, Tácito, Eutropio) e fragmentos seleccionados de Petronio e Apuleio.

2º trimestre:

## I. LINGUA LATINA:

-3ª declinación: temas en consoante e temas en -i.

-Clasificación e flexión dos adxectivos da terceira declinación.

-A flexión pronominal: pronome persoal e posesivo.

-Preposicións e adverbios (I).

-O futuro e o pretérito perfecto na conxugación regular activa.

-A concordancia. A orde de palabras en latín.

-Lectura e interpretación de textos.

## II. HISTORIA E EVOLUCIÓN DA LINGUA LATINA:

-A formación das linguas romances.

-A evolución fonética do latín ás linguas romances: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Cambios fonéticos máis frecuentes: o vocalismo.

-Evolución das oclusivas xordas e sonoras.

### III. FORMACIÓN DE PALABRAS:

-Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua. A composición.

-Latinismos e locucións latinas.

-Toponimia galega.

### IV. VÍAS NON LINGÜÍSTICAS DE TRANSMISIÓN DO MUNDO CLÁSICO:

-A romanización de Hispania e da Gallaecia. As vías de comunicación. As súas pegadas materiais. O patrimonio arqueolóxico de Galicia. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.

-Os xéneros literarios en verso: épica, lírica e teatro.

-Lectura de textos literarios: selección de textos dos poetas latinos máis recoñecidos (Catulo, Virxilio, Horacio) e fragmentos de Plauto.

3º trimestre:

### I. LINGUA LATINA:

-Declinación dos temas en -u e dos temas en -e.

-A flexión pronominal: o pronome relativo, interrogativos, indefinidos.

-Preposicións e adverbios (II).

-Pretérito pluscuamperfecto de indicativo.

-Participio de presente. O ablativo absoluto

-Nexos coordinantes máis frecuentes.

-Lectura e interpretación de textos.

### II. HISTORIA E EVOLUCIÓN DA LINGUA LATINA

-A evolución fonética do latín ás linguas romances. Cambios fonéticos máis frecuentes: o consonantismo.

-Evolución de grupos cultos

-A achega léxica do latín a linguas modernas non derivadas del.

### III. FORMACIÓN DE PALABRAS:

-O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

-Latinismos e locucións latinas.

#### IV. VÍAS NON LINGÜÍSTICAS DE TRANSMISIÓN DO MUNDO CLÁSICO:

-Mitoloxía: o panteón olímpico. O mundo dos heroes.

-Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas e visuais. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica nas diversas manifestacións culturais e interpretación do seu significado.

-Lectura de textos literarios traducidos: selección de fragmentos, en prosa e en verso, de distintos autores latinos (Ovidio, Virxilio, Catulo, Tito Livio, etc.) de contido mitolóxico e lendario.

#### III.2.2.4. CONTIDOS MÍNIMOS.

##### I. LINGUA LATINA:

-O substantivo. Os casos latinos e os seus valores principais. Recoñecemento dos paradigmas das cinco declinacións.

-O verbo: o sistema de infectum do verbo SVM e na conxugación regular activa.

-O pronome persoal e o demostrativo.

-Preposicións e adverbios máis frecuentes.

-Análise morfosintáctica e tradución de enunciados sinxelos.

##### II. HISTORIA E EVOLUCIÓN DA LINGUA LATINA.

-Concepto de indoeuropeo: grupos de linguas indoeuropeas.

-As linguas romances.

-Conceptos básicos da evolución do latín ás linguas romances. Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos

-Compoñentes grecolatinos máis frecuentes no léxico da lingua propia.

##### III. FORMACIÓN DE PALABRAS:

-O significado etimolóxico das palabras.

-Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos de uso frecuente na propia lingua.

-Algúns topónimos galegos.

-Algúns latinismos e locucións latinas.



#### IV. VÍAS NON LINGÜÍSTICAS DE TRANSMISIÓN DO MUNDO CLÁSICO:

-Conceptos básicos sobre os aspectos da historia e da cultura romana estudados durante o curso.

-Conceptos básicos sobre a romanización de Hispania e da Gallaecia.

-Principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en diferentes manifestacións culturais e interpretación do seu significado.

-Os xéneros literarios latinos. Autores e obras principais. Lectura e comentario de textos literarios traducidos.

#### III.2.2.5 . CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

-Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos e culturais.

-Distinguir nas diversas manifestacións artísticas e literarias de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

-Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

-Identificar os compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

-Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumnado e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

-Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

-Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

-Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

#### III.2.2.6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

En Latín de 4º ESO faremos varias probas obxectivas por trimestre que incluírán contidos de gramática, tradución de textos sinxelos e cuestións sobre os temas de cultura correspondentes a cada trimestre.

Ao remate do trimestre calcularemos a nota media do seguinte xeito.

- 60 %: examen de avaliación trimestral
- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre

Aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen os obxectivos previstos en algún destes trimestres, poderán optar á realización dunha proba de recuperación final no mes de xuño, na que será necesario acadar unha puntuación de 5 para obter unha cualificación positiva. O profesor determinará en cada caso particular, a necesidade de que un alumno ou alumna presente tarefas adicionais que considere que non foron efectuadas de xeito satisfactorio no momento da súa realización e que se consideran incluídas dentro dos contidos mínimos prescritos para obter unha cualificación positiva.

Do mesmo modo o profesor determinará en cada caso particular se algúns dos contidos, especialmente lingüísticos se consideran recuperados polo feito de demostrar en exames posteriores que se cumpren os obxectivos prescritos.

Aqueles alumnos ou alumnas que non obteñan unha cualificación de 5 ou superior nesta proba de recuperación, poderán presentarse á realización dunha proba obxectiva na convocatoria extraordinaria do mes de setembro, na que terán que acadar como mínimo unha puntuación de 5 para considerar a materia aprobada.

### III.2.3. 1º de BACHARELATO

#### III.2.3.1. Competencias clave

##### A. Competencia lingüística.

Estándares de aprendizaxe.

##### Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.

LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.

LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.

##### Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos

LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.

LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.

### Bloque 3. Morfoloxía

LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación.

LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.

LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.

LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.

LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.

LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.

LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.

#### Bloque 4. Sintaxe

. Os contidos lingüísticos recibirán maior atención e polo tanto tamén maior valoración (aproximadamente un 60% do total). As cuestións sobre locucións latinas terán unha cualificación aproximada do 10%. Sobre os contidos de Historia e Civilización os alumnos e alumnas elaborarán traballos de investigación coa axuda do profesor e empregando distintas fontes de información e presentación, entre elas as que ofrecen as TICs. Estes traballos recibirán unha valoración máxima de 2 puntos. Os contidos actitudinais recibirán unha cualificación máxima de 0'5 puntos. A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas na proba específica ou exame de avaliación, no traballo e a cualificación dos contidos actitudinais, é dicir: EXAME + TRABALLO + CUALIFICACIÓN DE CONTIDOS ACTITUDINAIS = CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN. Será imprescindible para superar cada avaliación que os alumnos realicen tanto o exame como o traballo. Polas condicións específicas da avaliación continua, a cualificación obtida na terceira avaliación constituirá a cualificación final do curso.

A proba de setembro versará sobre os contidos traballados ao longo do curso e, dado que os obxectivos actitudinais non son obxecto de avaliación na convocatoria extraordinaria de setembro, será puntuada sobre 10, tendo en conta que nesta proba os contidos lingüísticos recibirán unha valoración máxima do 80%, e as cuestións sobre contidos de historia e civilización unha valoración mínima do 20%.

#### III.2.3.9. Actividades de recuperación

Os alumnos coa disciplina de Latín I pendente poderán realizar dous exames parciais ao longo do curso cuxa data e hora lles será comunicada debidamente. O xefe do Departamento de Latín estará a disposición do alumnado para calquera dúbida ou explicación que fose precisa. Ademais todos os alumnos poderán optar a un

exame final de toda a materia. O exame de setembro seguirá o mesmo modelo que o exame final de xuño. Todos os exames constarán de catro preguntas:

1ª.- Análise morfosintáctica e tradución de textos sinxelos onde aparezan os contidos morfosintácticos que serán especificados a continuación e que suporá o 40% da cualificación global do exame.

2ª.- Declinación de palabras ou grupos de concordancia. Recibirá o 20% da cualificación global do exame.

3ª.- Conxugación de formas verbais das catro conxugacións regulares e do verbo SUM. Recibirá o 20% da cualificación global do exame.

4ª.- Historia e civilización. Recibirá o 20% da cualificación global do exame.

Os contidos correspondentes a cada un dos parciais son os seguintes (os alumnos deben ter en consideración que o segundo parcial incluírá tamén contidos do primeiro parcial):

Primeiro parcial:

Declinación de substantivos e adxectivos da 1ª, 2ª e 3ª declinacións. Recoñecemento de todos os casos e funcións sintácticas que lles corresponden. Conxugación de todos os tempos de indicativo, subxuntivo e imperativo das catro conxugacións regulares en voz activa. Conxugación de todo o verbo SUM. Recoñecemento e uso das preposicións IN, AD, CUM e AB. Recoñecemento das conxuncións coordinadas. Pronomes persoais e adxectivos posesivos. Análise morfosintáctica e tradución de oracións activas, simples ou coordinadas. Monarquía e República: fundación de Roma e asua expansión pola península itálica e o Mediterráneo. Órganos de goberno, clases sociais.

Segundo parcial:

Declinación de substantivos da 4ª e 5ª declinacións. Graos do adxectivo: comparativo e superlativo. Conxugación de todos os tempos de indicativo, subxuntivo e imperativo das catro conxugacións regulares en voz pasiva. O complemento axente. O pronome relativo. Pronomes demostrativos: HIC, HAEC, HOC / ISTE, ISTA, ISTUD / ILLE, ILLA, ILLUD. O pronome fórico IS, EA, ID. Análise morfosintáctica e tradución de oracións activas e pasivas, simples ou coordinadas. Análise morfosintáctica e tradución de oracións subordinadas adxectivas ou de relativo. O imperio. O exercito romano. A romanización.

#### III.2.3.10. Materiais e recursos didácticos

Para o nivel de 1º de Bacharelato os alumnos empregarán materiais textuais diversos proporcionados polo profesor ao longo do curso e axeitados ao desenvolvemento dos diferentes contidos. As explicacións do profesor ilustraranse con lecturas de textos, mapas, manuais, proxeccións mediante o canón de materiais procedentes de Internet ou de filmes que se acheguen aos temas de interese. Tamén dedicaremos o tempo que sexa oportuno á familiarización dos alumnos co uso dun

Vocabulario Básico que se lles entregará ao comezo do curso dado que non imos utilizar libro de texto como xa dixemos anteriormente. Ademais dos manuais, obras de literatura latina e ordenadores que os alumnos e alumnas teñen á súa disposición na Biblioteca do centro, o Departamento dispón de documentais sobre temas tan apaixonantes como a erupción do Vesubio no ano 79 d.C. e as súas consecuencias, os últimos achados nas escavacións de Herculano e Pompeia ou sobre a chegada dos pobos que provocaron a caída e fragmentación do Imperio Romano. Proxectaremos algún filme clásico ou recente que sirva para ilustrar os temas de cultura e civilización, como Espartaco de Stanley Kubrick ou Gladiator de Ridley Scott.

### III.2.4. LATÍN 2º Bacharelato

#### III.2.4.1. OBXECTIVOS

1. Repasar e ampliar os coñecementos adquiridos sobre a morfoloxía latina, con especial atención ás formas menos usuais e irregulares.
2. Coñecer os mecanismos sintácticos do latín e verter á lingua propia oracións simples e compostas.
3. Traducir textos tendo en conta a corrección de estilo na lingua propia, coa axuda do dicionario e outras fontes que permitan a contextualización dos textos.
4. Recoñecer os mecanismos principais da formación de palabras latinas e comprobar a súa evolución e tratamento no galego e no castelán.
5. Explicar o significado de palabras do galego e do castelán en usos habituais e no léxico específico das materias estudadas, mediante o coñecemento de prefixos e sufixos de orixe grecolatina.
6. Comparar a lingua materna con outras linguas obxecto de estudo e comprobar semellanzas e diferenzas respecto da lingua latina.
7. Aplicar os coñecementos recibidos a través do estudo da lingua latina na mellora da comprensión e expresión doutras linguas usuais.
8. Recoñecer as características esenciais dos diversos xéneros literarios e comparalas coas que presentan os xéneros literarios na actualidade, apreciando a súa evolución e permanencia.
9. Apreciar e valorar os elementos literarios herdados dos xéneros literarios en obras producidas na actualidade.
10. Seleccionar e manexar fontes de información de índole diversa.
11. Elaborar hipóteses sobre temas propostos e expoñelas por escrito de forma coherente.
12. Valorar as influencias e achegas procedentes da cultura e civilización latinas.

13. Apreciar, en textos e obras de calquera índole, mostras da herdanza latina, sabendo interpretalas con perspectiva histórica.

14. Valorar e apreciar o aprendido sobre a lingua e a civilización latinas como mostra dunha riqueza cultural que deu paso, ao longo do tempo, a unha sociedade plurilingüe e pluricultural.

15. Amosar tolerancia polas formas de pensamento alleas e non coincidentes coas propias, así como por calquera manifestación da propia cultura.

### III.2.4.2. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE

#### 1ª avaliación

##### I. LINGUA LATINA:

- Repaso e ampliación da flexión nominal. Substantivo e adxectivo, con especial atención ás formas irregulares.

- Afondamento no estudo da sintaxe dos casos.

- Repaso e ampliación da flexión pronominal.

- Repaso e ampliación da flexión verbal. Verbos irregulares e defectivos.

- Formas nominais: o participio. Morfoloxía e sintaxe.

- Formas nominais: o infinitivo. Morfoloxía e sintaxe.

- A oración composta. Coordinación. Subordinación substantiva de infinitivo e adxectiva.

- O uso do dicionario.

- Técnicas de tradución.

##### II. LÉXICO:

- Composición e derivación. Prefixos e sufixos.

- Locucións latinas.

- Toponimia galega.

##### III. LITERATURA:

- Introducción á literatura latina. Etapas. Os xéneros literarios.

- Historiografía. Tito Livio. Lectura de *Ab urbe condita* I, 56, 4-60; Eutropio, *Breviarium ab urbe condita*.

- Oratoria. Cicerón. Lectura de Tácito, *Agricola*, 29-38

#### 2ª avaliación

### I. LINGUA LATINA:

- A flexión nominal e pronominal. Atención especial a formas menos usuais ou irregulares segundo aparecen nos textos obxecto de tradución.

- Flexión verbal. Compostos de SVM.

- A oración composta. Subordinación: proposicións substantivas introducidas por conxuncións. Valores de UT e de NE.

- Técnicas de tradución .

### II. LÉXICO:

- Composición e derivación. Prefixos e sufixos.

- Locucións latinas.

- Toponimia galega.

### III. LITERATURA:

- A poesía épica. Virxilio. Lectura de Ovidio, Metamorfoses, I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.

- A poesía lírica. Horacio. Lectura de Catulo, Carmina, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11

- A fábula. Fedro.

3ª avaliación:

### I. LINGUA LATINA:

- A oración composta. Subordinación adverbial: finais, causais, comparativas.

- Subordinación adverbial: concesivas, condicionais, consecutivas. Conxuncións.

- Oracións interrogativas directas e indirectas. Estilo directo e indirecto.

- Técnicas de tradución.

### II. LÉXICO:

- Composición e derivación. Prefixos e sufixos.

- Locucións latinas.

- Toponimia galega.

### III. LITERATURA:

- O teatro. Plauto. Lectura de Anfitrión, Casina ou Miles gloriosus.

#### III.2.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS

- Flexión nominal: recoñecemento, análise e tradución das formas nominais e pronominais regulares e irregulares estudadas durante o curso.
- Flexión verbal: recoñecemento, análise e tradución de formas verbais de aparición frecuente nos textos latinos traballados.
- Análise morfosintáctica e tradución de textos latinos en versión orixinal, en prosa textos seleccionados da obra de Eutropio, e en verso fábulas de Fedro.
- Recoñecemento e significado dos principais prefixos e sufixos latinos.
- Recoñecemento, significado e uso das locucións latinas e topónimos estudados ao longo do curso.
- Coñecemento das características básicas dos xéneros literarios estudados durante o curso e dos autores e obras máis salientables de cada un deles.
- Comprensión e comentario das lecturas obrigatorias.

#### III.2.4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta, e comentar as súas discrepancias e coincidencias con outras linguas coñecidas.
- Resumir, oralmente e por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios, elaborar esquemas básicos do seu contido e diferenciar as ideas principais e secundarias.
- Traducir de modo coherente textos latinos de certa complexidade, pertencentes a diversos xéneros literarios.
- Comparar o léxico latino co doutras linguas que coñeza o alumnado, e deducir as regras básicas de composición e derivación.
- Relacionar elementos constitutivos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) do latín e doutras linguas coñecidas polo alumno.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.
- Planificar e realizar traballos sinxelos sobre temas monográficos, manexando fontes de diversa índole: restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, artigos específicos, etc.



### III.2.4.5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

En Latín II faremos tres probas obxectivas por trimestre: dúas de tradución e análise morfosintáctica e unha sobre contidos de literatura, que incluírá ademais cuestións sobre composición e derivación, locucións latinas e toponimia galega.

As cualificacións distribúense da seguinte maneira: os exames de tradución suporán o 70%, e as cuestións de literatura, composición, derivación, locucións latinas e topónimos suporán un 30%. Será necesario aprobar cada un destes bloques de contidos para obter unha cualificación positiva en cada trimestre. Por outra parte, a cualificación global das probas obxectivas suporá

60 %: examen de avaliación trimestral

- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre. A cualificación final será calculada aplicando as mesmas porcentaxes.

Aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen os obxectivos previstos en algún destes trimestres, poderán optar á realización dunha proba de recuperación final no mes de xuño, na que será necesario acadar unha puntuación de 5 para obter unha cualificación positiva. A profesora determinará en cada caso particular, a necesidade de que un alumno ou alumna presente tarefas adicionais que considere que non foron efectuadas de xeito satisfactorio no momento da súa realización e que se consideran incluídas dentro dos contidos mínimos prescritos para obter unha cualificación positiva.

Aqueles que non obteñan unha cualificación de 5 ou superior nesta proba de recuperación, poderán presentarse á realización dunha proba obxectiva na convocatoria extraordinaria do mes de setembro, na que terán que acadar como mínimo unha puntuación de 5 para considerar a materia aprobada.

## III.3. Grego

### III.3.1. Competencias clave

A través dos elementos do seu currículo, o estudo da lingua e cultura gregas contribúen de modo directo á adquisición das competencias clave.

#### A. Competencia en comunicación lingüística

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de

disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

#### B. Competencia en matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal. Esta materia contribúe á competencia matemática cando os alumnos elaboran ou interpretan mapas e traballan con elementos espaciais, así como cando utilizan e analizan gráficos referentes á xeografía e poboación dos antigos gregos.

A adquisición dun vocabulario científico-técnico procedente de lexemas gregos axuda notablemente a alcanzar os coñecementos científicos que permiten desenvolver as competencias básicas en ciencias e tecnoloxía. Non en vano foron os pensadores gregos os primeiros que codificaron de algunha maneira a linguaxe científica.

#### C. Competencia dixital

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e póllos ao dispor da comunidade educativa.

#### D. Aprender a aprender

O profesorado que imparte esta materia deberá xerar a suficiente curiosidade nos alumnos por coñecer o mundo clásico, a necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, como os culturais, reflexionando sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén se deberá producir unha continua e axeitada reflexión sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua clásica partindo dos coñecementos previos da súas propias linguas. O alumnos deberán participar na creación de estratexias posibles para a adquisición dos coñecementos lingüísticos que nos achega o estudo do grego clásico.

#### E. Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

#### F. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

## G. Competencia en conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

### III.3.2. Obxectivos xerais da materia de Grego

A materia de Grego se concibe nos dous cursos de Bacharelato como unha introdución xeral á lingua grega antiga, máis concretamente ao ático clásico dos séculos V- IV a. C., a través de textos orixinais –aínda que durante o primeiro curso requirirán retoques que os simplifiquen. A lingua será o vehículo privilexiado de acceso aos contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, etc., polo que na súa aprendizaxe se considerarán prioritarios non só a morfoloxía, senón a formación e derivación de palabras, a sintaxe e o léxico. Non se trata unicamente de que o alumnado aprenda grego, senón de que sexa consciente das raíces históricas da súas propias linguas e culturas.

A ensinanza do grego no bacharelato terá como finalidade a consecución dos seguintes obxectivos:

Obx.GR.1. Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega e iniciarse na interpretación, comprensión e comentario de textos gregos de complexidade progresiva.

Obx.GR.2. Coñecer o léxico de orixe grega presente nas nosas linguas ( galego e castelán) e na terminoloxía científica e técnica das linguas modernas, a partir do coñecemento dos étimos, prefixos e sufixos de orixe grega e dun vocabulario grego básico.

Obx.GR.3. Interpretar e comprender textos gregos, orixinais, adaptados ou traducidos, e reflexionar sobre os elementos fundamentais que os constitúen, afondando no estudo das estruturas lingüísticas e mellorando o coñecemento das propias linguas.

Obx.GR.4. Utilizar de maneira crítica diferentes fontes de información sobre a Grecia antiga e a súa influencia ao longo da historia, co fin de coñecer e valorar axeitadamente a súa pervivencia no mundo actual, tendendo como ferramentas fundamentais as tecnoloxías da información e da comunicación.

Obx.GR.5. Introducirse no estudo da literatura grega, afondando no coñecemento das características dos diferentes xéneros e os autores e obras máis representativas.

Obx.GR.6. Introducirse no estudo da cultura grega, nas súas diferentes manifestacións artísticas.

Obx.GR.7. Adquirir destreza no manexo de documentos e fontes de información de diversa índole (textos orixinais ou traducidos, medios audiovisuais e información, etc.), que transmitan aos alumnos coñecementos da civilización grega.

### III.3.3. 1º BACHARELATO

#### III.3.3.1. Desenvolvemento das competencias clave

##### A. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

##### A.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.

GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.

GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.

GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.

GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.

GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.

GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.

GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.

GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.

GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.

GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.

GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ao galego e ao castelán.

GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.

GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.

GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.

GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.

GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.

GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.

GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.

GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.

GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.

GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.

GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.

GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.

GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica encada caso as súas características.

GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias na precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.

GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.

GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.

GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.

GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.

GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.

GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.

GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.

GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.

GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.

GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.

GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.

GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto.

GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.

GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.

GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.

GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.

GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.

GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

## A.2 Estratexias de valoración

- Seguimento das actividades de clase/casa
- Observacións en clase
- Exercicios prácticos corrixidos en grupo.
- Probas escritas
- Lectura e comentario de textos.
- Exposicións orais.

## B. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

### B.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

### B.2. Estratexias de valoración

- Actividades de comprensión e interpretación de información presentada en formato gráfico.

- Realización de esquemas e mapas.

## C. Competencia dixital (CD)

### C.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.

GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.

### C.2. Estratexias de valoración

- Actividades sobre busca de información en internet.

- Elaboración de información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Tarefas realizadas en soporte multimedia.

## D. Aprender a aprender (CAA)

### D.1. Estándares de aprendizaxe



GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.

GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.

## D.2. Estratexias de valoración

- Seguimento das actividades de clase/casa
- Participación activa na clase
- Corrección conxunta de actividades, traballos e exames, respectando a quenda de palabra e a crítica dos compañeiros.
- Realización de tarefas.

## E. Competencias sociais e cívicas (CSC)

### E.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.

GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.

GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

## E.2. Estratexias de valoración

- Seguimento das actividades de clase/casa.
- Observación de actitudes e comportamentos na aula.
- Probas escritas.

## F. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

### F.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

### F.2. Estratexias de valoración

- Seguimento das actividades de clase/casa.
- Observación de actitudes na aula.
- Probas escritas.

## G. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### G.1. Estándares de aprendizaxe

GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.

GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoos a outras características culturais propias de cada época.

GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.

GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.

GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

#### G.2. Estratexias de valoración

- Participación activa na clase.
- Lectura textos literarios gregos na clase.
- Traballos sobre temas que impliquen respecto e valoración do patrimonio cultural nas súas múltiples facetas.

#### III. 3.3.2. Obxectivos.

- Interpretar o contido de frases sinxelas e de textos breves de prosa ática utilizando os coñecementos básicos do léxico, de morfoloxía e de sintaxe da lingua grega.
- Coñecer mellor o léxico científico e técnico das linguas propias (galego e castelán) e das linguas modernas a partir do coñecemento do grego.
- Utilizar técnicas sinxelas de análise da lingua grega e reflexionar sobre las estruturas gramaticais das linguas de uso.
- Identificar algunhas das manifestacións históricas, literarias e culturais da Grecia antiga e a súa pervivencia no mundo actual.
- Introducirse no mundo cultural, relixioso, filosófico e sociopolítico da Antigüidade grega a través de textos de autores gregos.
- Ser consciente dos valores da lingua e da cultura gregas como fonte do pensamento occidental.

#### III.3.3.3. Contidos (estándares de aprendizaxe)

##### 1ª AVALIACIÓN:

##### Bloque 1. Lingua grega

o Marco xeográfico da lingua grega. (GR1B1.1.1., GR1B1.2.1., GR1B1.2.2.)

o Familias lingüísticas. O indoeuropeo. (GR1B1.3.1., GR1B1.3.2., GR1B1.4.1 )

o Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. (GR1B1.5.1., GR1B1.6.1., GR1B1.7.1.)

o Variedades dialectais. (GR1B1.8.1)

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos

o Orixe da escritura. Sistemas de escritura. (GR1B2.1.1.)

o Orixe e evolución do alfabeto grego. (GR1B2.2.1., GR1B2.2.1.)

o Carácteres do alfabeto grego. (GR1B2.3.1.)

o Clasificación dos fonemas: pronuncia. (GR1B2.4.1.)

o Transcrición de termos dos caracteres gregos. (GR1B2.5.1.)

o Signos diacríticos e de puntuación. (GR1B2.6.1.)

Bloque 3. Morfoloxía

o O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. (GR1B3.1.1., GR1B3.2.1 )

o Formantes das palabras. (GR1B3.3.1.)

o Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas. (GR1B3.4.1.)

o Flexión nominal e pronominal. (GR1B3.5.1., GR1B3.5.2. )

- O artigo.

- Os temas en –a (1ª declinación)

- Os temas en –o (2ª declinación)

- O adxectivo (primeira clase)

- Os pronomes persoais e posesivos.

o Sistema verbal grego. Verbos temáticos e aтемáticos. (GR1B3.6.1., GR1B3.6.2., GR1B3.6.3., GR1B3.6.4., GR1B3.6.5.)

o Presente e futuro de indicativo do verbo EIMI.

o Presente e futuro de indicativo activo dos verbos puros non contractos.

Bloque 4. Sintaxe

o Sintaxe. Casos gregos. Concordancia. Elementos da oración. (GR1B4.1.1., GR1B4.2.1., GR1B4.3.1., GR1B4.3.1.)

o Valor e uso dos casos

- o Concordancia. (GR1B4.3.1.)
- o Elementos da oración. (GR1B4.4.1.)
- o Oración simple: oracións atributivas e predicativas. (GR1B4.5.1.)
- o Análise e tradución de frases e textos. (GR1B4.11.1.)

#### Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

o Períodos da historia de Grecia. (GR1B5.1.1., GR1B5.1.2., GR1B5.1.3., GR1B5.1.4)

- Da época arcaica ao helenismo.

#### Bloque 6. Textos

- o Iniciación ás técnicas de tradución. (GR1B6.1.1.)

#### Bloque 7. Léxico

o Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. (GR1B7.1.1., GR1B7.1.2., GR1B7.1.3.)

o Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. (GR1B7.3.1.)

### 2ª AVALIACIÓN

#### Bloque 3. Morfoloxía

- o Formantes das palabras. (GR1B3.3.)
- o Flexión nominal e pronominal. (GR1B3.5.1.)

- Terceira declinación: temas en oclusiva; temas en soante; temas en -nt; temas en silbante.

- Os pronomes demostrativos.
- Os pronomes relativos.
- Os pronomes indefinidos e interrogativos.
- Os pronomes numerais.
- Os adxectivos da segunda e terceira clase.

o Sistema verbal grego. Verbos temáticos e aтемáticos. (GR1B3.6.3., GR1B3.6.4., GR1B3.6.5.)

- Imperfecto de indicativo activo do verbo EIMI.
- Imperfecto de indicativo dos verbos puro non contractos.

- Aoristo de indicativo activo dos verbos puros non contractos
- Perfecto e pluscuamperfecto de indicativo dos verbos puros non contractos.

§ Estudo do aumento.

§ Estudo da reduplicación.

Bloque 4. Sintaxe

o Oracións compostas. (GR1B4.6.1.)

- Oracións coordinadas; cadro xeral das conxuncións coordinadas.
- As oracións subordinadas adxetivas ou de relativo.

o Análise e tradución de frases e textos. (GR1B4.12.1.)

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

o Mitoloxía e relixión. (GR1B5.5.1., GR1B5.6.1., GR1B5.6.2., GR1B5.6.3., GR1B5.7.1., GR1B5.8.1.)

- Características da relixión olímpica.
- As divindades olímpicas.
- Os heroes.
- O oráculo.

o Organización política e social de Grecia. (GR1B5.2.1., GR1B5.2.2.)

- Atenas e as clases sociais.
- A democracia ateniense.

Bloque 6. Textos

o Iniciación ás técnicas de tradución. (GR1B6.2.1)

o Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos. (GR1B6.3.1., GR1B6.4.1.)

o Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia. (GR1B6.5.1.)

Bloque 7. Léxico

o Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. (GR1B7.3.2.)

3ª AVALIACIÓN:

Bloque 3. Morfoloxía

o Flexión nominal e pronominal. (GR1B3.5.1.)

- Os adxectivos irregulares.

- Os grados dos adxectivos: comparativos e superlativos.

o Sistema verbal grego. Verbos temáticos e aтемáticos. ( GR1B3.6.6.)

- A voz media e a voz pasiva. Desinencias medio pasivas. O complemento axente.

o Formas verbais persoais e non persoais. (GR1B3.7.1.)

- O infinitivo de presente activo.

- O infinitivo de presente medio-pasivo.

- O participio de presente.

- O participio. Cadro xeral.

Bloque 4. Sintaxe

o Construcións de infinitivo. (GR1B4.7.1., GR1B4.8.1.)

- O infinitivo concertado.

- O infinitivo non concertado.

o Construcións de participio. (GR1B4.9.1., GR1B4.10.1.)

- Uso nominal do participio.

- Uso verbal: o participio concertado e o participio non concertado.

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

o A familia. (GR1B5.3.1.)

- A muller en Grecia. O matrimonio. Os fillos.

o Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos. (GR1B5.4.1., GR1B5.4.2.)

- A orixe da filosofía e a ciencia.

- A filosofía e a ciencia en Grecia.

Bloque 6. Textos

o Lectura comprensiva de textos traducidos. (GR1B6.6.1.)

o Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia. (GR1B6.7.1.)

o Producción de textos propios breves en lingua grega. (GR1B6.8.1.)

Bloque 7. Léxico

o Familias etimolóxicas e semánticas. (GR1B7.5.1.)

#### III.3.3.4. Contidos mínimos

Considéranse requisitos imprescindibles para aprobar a materia os seguintes:

- Explicar e situar cronoloxicamente a orixe do concepto de indoeuropeo explicando a grandes trazos o proceso que dá lugar á creación do termo.

- Identificar e nomear correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, escribíndoos e léndoos correctamente.

- Coñecer as normas de transcripción e aplicarlas con corrección na transcripción de termos gregos nas linguas propias.

- Enunciar correctamente distintos tipos de palabras en grego, distinguíndoas a partir do seu enunciado e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.

- Declinar palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

- Conxugar os tempos verbais en voz activa e medio-pasiva aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.

- Distinguir formas persoais e non persoais dos verbos explicando os trazos que permiten identificalas.

- Traducir diferentes formas verbais gregas ao galego e ao castelán comparando o seu uso nestas linguas.

- Analizar morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

- Enumerar correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explicando as funcións que realizan dentro da oración.

- Recoñecer, analizar e traducir de forma correcta as construcións de infinitivo concertado e non concertado e as de participio, relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas modernas.

- Distinguir as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

- Comparar os principais sistemas políticos da antiga Grecia establecendo semellanzas e diferenzas entre eles.



- Nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

- Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de léxico común das propias linguas.

- Identificar os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explicar o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.

### III.3.3.5. Criterios de avaliación

#### 1. Bloque 1. Lingua grega

B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.

B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.

B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo.

B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.

B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega.

B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.

B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual.

B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.

#### 2. Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos

B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.

B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade.

B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta.

B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.

B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.

B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.

#### 3. Bloque 3. Morfoloxía

B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.

B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.

B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras

B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión.

B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.

B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.

B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.

#### 4. Bloque 4. Sintaxe

B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.

B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).

B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.

B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.

B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.

B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.

B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.

B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.

B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva.

B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

#### 5. Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización

B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia.

B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.

B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade.

B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.

B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais.

B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.

## 6. Bloque 6. Textos

B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.

B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.

B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva.

B6.4. Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos.

B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas.

B6.6. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos.

B6.7. Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia.

## 7. Bloque 7. Léxico

B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.

B7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.

B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.

B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.

B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

#### III.3.3.6. Metodoloxía didáctica

Faise evidente que unha materia como o Grego no curso de 1º de Bacharelato, pola novidade que supón para os alumnos e alumnas, obriga a introducilos progresivamente no coñecemento da nova lingua, familiarizándoos desde o principio cos elementos básicos: o alfabeto grego (escritura e pronunciación das letras) e os signos de acentuación e puntuación. Isto haberá de conseguirse con repetidos exercicios prácticos no aula e en casa que reforzarán as explicacións teóricas previas desenvolvidas na clase ata adquirir práctica e soltura.

As exposicións teóricas da morfoloxía nominal e verbal así como o estudo da sintaxe grega haberán de ser intimamente combinadas coa realización diaria de prácticas, de tal maneira que os alumnos vexan así favorecido o seu progreso de aprendizaxe e asimilación de contidos. Conseguir este obxectivo obriga por igual a profesora e ao alumnado na tarefa común do curso; a primeira porque deberá implicarse directamente na tarefa de ensinanza-aprendizaxe dos contidos xa expostos, intentando resolver constantemente as dificultades que poden xurdir e valorando os progresos adquiridos por todos e cada un dos alumnos. Os alumnos e alumnas, pola súa parte, deberán implicarse no seu propio proceso de aprendizaxe para o cal resulta imprescindible o traballo persoal e diario, que contará co permanente estímulo da profesora co fin de acrecentar neles a confianza en superar as dificultades que a materia poida presentar.

Aínda cando se teña acadado un coñecemento elemental e básico dos paradigmas nominais e verbais da lingua grega mediante a tradución e análise de frases e textos de progresiva dificultade, segue sendo tarefa da profesora controlar e avaliar en todo momento a evolución de cada alumno en particular e do grupo en xeneral, intervindo en toda ocasión en que se detecten dificultades.

Pero o obxectivo desta materia non é exclusivamente introducir aos alumnos de primeiro de Bacharelato no coñecemento da lingua grega, senón tamén da súa cultura; non podemos esquecer que o valor formativo do Grego no Bacharelato deriva da súa dobre condición de modelo lingüístico e cultural; de acordo con isto, non podemos descoidar que este curso de 1º de Bacharelato é para os alumnos un momento importantísimo de contacto co legado que o mundo grego clásico supuxo como contribución á cultura europea occidental, polo que é obrigado proporcionarlles un bo camiño para lograr un afondamento nos sinais de identidade que seguen sendo

relevantes nos nosos días; de aí a importancia de dar un papel relevante á explicación e posta en común dos temas de cultura e civilización que foron expostos no apartado de Contidos. Para levar a cabo este fin non hai mellor instrumento que a lectura das obras clásicas, completas ou fragmentos seleccionados delas, ou de monografías sobre aspectos históricos ou culturais da Grecia clásica o comentario de textos que fagan referencia aos contidos estudados.

Tamén é necesario favorecer a interdisciplinabilidade. Os contidos desta materia son afíns, en primeiro lugar, aos da Lingua latina, aspecto a ter moi en conta para aclarar dúbidas e conceptos dunha con referencia á outra. Igualmente lévanse a cabo todos os cursos actividades de colaboración co profesorado das áreas das Linguas – para todo o referente á análise morfosintáctica, comentario de textos ou aclaración de conceptos inherentes aos diversos xéneros literarios – e coa área de Xeografía e Historia – temas de institucións, formas de organización social e económica e a evolución dos estilos e as formas artísticas

#### III.3.3.7. Procedementos e instrumentos de avaliación

O feito de tratarse dunha lingua e a metodoloxía empregada, baseada nun permanente control da actividade dos alumnos e da evolución dos progresos adquiridos, condiciona que o procedemento de avaliación sexa o de avaliación continua; polo tanto, valorarase a Actitude dos alumnos cun 10% e a realización de probas escritas (unha como mínimo por avaliación) constituirá o 90 % restante da nota final.

Os exames escritos realizaranse preferentemente ao termo de cada período temporal de avaliación; deste xeito valorarase se a adquisición dos contidos programados para cada unha das avaliacións foi acadada de maneira satisfactoria, ou se, polo contrario, se detectan anomalías na correcta aprendizaxe e é necesario intervir.

Os exames incluírán cuestións de carácter teórico-práctico que versarán obrigatoriamente sobre contidos previamente explicados e analizados na clase:

§ Exercicios de práctica de declinación nominal ( 20% da nota final do exame).

§ Exercicios de práctica de conxugación verbal (10% do valor final do exame).

§ Análise morfosintáctica e tradución de oracións e/ou textos sinxelos (40% do valor final do exame).

§ Exercicios de etimoloxía e derivación (10% da nota final do exame).

§ Cuestións relativas ás unidades didácticas de cultura e civilización gregas (10% da nota final do exame).

§ 10% restante da cualificación final dependerá da avaliación da Actitude.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a concreción da nota de avaliación, este Departamento determina as seguintes porcentaxes:

Actitude 10%

Conceptos e procedementos

- 60 %: examen de avaliación trimestral
- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre

ACTITUDE:

Vaise valorar

- O traballo na casa.
- O traballo diario na clase e a participación.

AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para a avaliación dos estándares utilizaranse todos os instrumentos indicados no apartado anterior:

- no caso dos exames e para a avaliación da actitude, teranse en conta os contidos mínimos fixados para a materia.

AVALIACIÓN INICIAL

A realización dunha proba de avaliación inicial ten por obxecto proporcionar información da situación dos alumnos a comezo do curso; é evidente que no caso da materia de Grego 1º Bacharelato o alumnado que escolleu esta materia non tivo ao longo da súa formación académica contacto con ela, é dicir, que se vai introducir por primeira vez no coñecemento básico da lingua grega antiga.

Por este motivo e pola importancia das linguas clásicas ( grego e latín) , cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas, a avaliación inicial nesta materia consistirá, a principio de curso, nun exercicio de análise morfosintáctica sinxela de frases en lingua galega, o que permitirá comprobar si o alumnado ten claras as funcións das palabras na oración (suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.), e o concepto de concordancia tanto nominal (xénero e número) como verbal (número e persoa), nocións imprescindibles para entender nas linguas flexivas, como no caso do grego, a relación entre o caso e a súa función sintáctica. Este tipo de proba permitirá comprobar se os alumnos se manexan con soltura o, si pola contra, é necesario intervir reforzando eses conceptos básicos.

#### III.3.3.8. Actividades de recuperación

Como se determinou, a elección do procedemento de avaliación continua non fai necesaria a realización de probas especiais de recuperación, senón que cada

avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior. Segundo isto, as probas que se realicen incluírán, ademais das cuestións relativas á materia correspondente a esa avaliación, outras de avaliacións anteriores, que permitan comprobar o grao de asimilación e retención dos contidos de anteriores avaliacións. Trátase, así, de fomentar nos alumnos un espírito de superación constante, estimulando que en ningún momento o alumno, ante uns malos resultados iniciais, sinta a tentación de abandonar, senón que comprenda que en todo momento ten o control da materia se o aborda con esforzo, vontade e constancia.

Para logra a recuperación de aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen os niveis nunha avaliación, entregaráselles exercicios progresivos de reforzo con carácter personalizado, insistindo especialmente en traballos a realizar nos períodos de vacacións (Nadal, Entroido e Semana Santa) que serán corrixidos e comentados de modo individual.

#### PROBA DE SETEMBRO:

Os alumnos que non puidesen superar a materia en xuño terán opción a un exame no mes de setembro, cuxos contidos, obxectivos e criterios de avaliación serán en todo similares aos da terceira avaliación, pero sen rebaixar en absoluto os niveis mínimos esixibles; neste caso non se terá en conta o punto adxudicado á actitude, e polo tanto a cualificación final da avaliación de setembro virá determinada exclusivamente pola nota deste exame que é o único instrumento avaliador.

#### III.3.3.9. Materiais e recursos didácticos

Como libro de texto para o presente curso aportaranse materiais apropiados. Non se fixa libro de texto

Outros materiais a empregar serían os mapas históricos en soporte dixital, documentais sobre aspectos concretos da civilización, textos para a lectura de autores clásicos gregos adaptados coidadas traducións de obras orixinais, que forman parte dos fondos bibliográficos da nosa biblioteca.

#### III.3.4. Grego 2º bacharelato

##### III.3.4.1 OBXECTIVOS

1. Repasar e ampliar os coñecementos adquiridos sobre a morfoloxía grega, con especial atención ás formas menos usuais e irregulares.

2. Coñecer os mecanismos sintácticos do grego e verter á lingua propia oracións simples e compostas.

3. Traducir textos gregos orixinais tendo en conta a corrección de estilo na lingua propia, coa axuda do dicionario e outras fontes que permitan a súa contextualización.

4. Explicar o significado de palabras do galego e do castelán en usos habituais e no léxico específico das materias estudadas.

5. Comparar a lingua materna con outras linguas obxecto de estudo e comprobar semellanzas e diferenzas respecto da lingua grega.

6. Aplicar os coñecementos recibidos a través do estudo da lingua grega na mellora da comprensión e expresión doutras linguas usuais.

7. Recoñecer as características esenciais dos diversos xéneros literarios e comparalas coas que presentan os xéneros literarios na actualidade, apreciando a súa evolución e permanencia.

8. Apreciar e valorar os elementos literarios herdados dos xéneros literarios en obras producidas na actualidade.

9. Seleccionar e manexar fontes de información de índole diversa.

10. Elaborar hipóteses sobre temas propostos e expoñelas por escrito de forma coherente.

11. Valorar as influencias e achegas procedentes da cultura e civilización gregas.

12. Apreciar, en textos e obras de calquera índole, mostras da herdanza grega, sabendo interpretalas con perspectiva histórica.

13. Valorar e apreciar o aprendido sobre a lingua e a civilización gregas como mostra dunha riqueza cultural que deu paso a unha sociedade plurilingüe e pluricultural.

14. Amosar tolerancia polas formas de pensamento alleas e non coincidentes coas propias, así como por calquera manifestación da propia cultura.

#### III.3.4.2. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE

1ª avaliación:

##### I. LINGUA GREGA:

-3ª declinación: Temas en soante (líquida e nasal). Temas en –nt.

-Valor e uso dos casos: o xenitivo partitivo; o complemento axente.

-Pronomes demostrativos, persoais e au)to/j. Repaso e ampliación.

-Adxectivos irregulares:

-Os graos do adxectivo: comparativo e superlativo.

-Preposicións e adverbios (1).

-Repaso do modo indicativo en voz activa, media e pasiva.

-O aumento: tipos. O aumento en verbos compostos.

-O infinitivo: morfoloxía e sintaxe. Repaso e ampliación.



-O participio: morfoloxía e sintaxe. Repaso e ampliación.

## II. LÉXICO:

-Campos semánticos: Lingua e a Literatura; Xeografía e Historia; Arte.

## III. LITERATURA:

-Os xéneros literarios: esquema e cronoloxía.

-A épica. Homero: Ilíada e Odisea.

-Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada.

-A historiografía.

2ª avaliación:

## I. LINGUA GREGA:

-3ª declinación: Temas en vogal e ditongo. Temas en silbante.

-Substantivos e adxectivos neutros en –os.

-Adxectivos en –es.

-Valor e uso dos casos: o acusativo de relación.

-Pronomes indefinidos, interrogativos e numerais.

-Preposicións e adverbios (2).

-Os modos: subxuntivo, optativo e imperativo.

-Os verbos contractos.

-A reduplicación.

-O aoristo radical temático.

-Proposicións subordinadas: substantivas e de relativo.

-O uso do dicionario.

-Técnicas de tradución.

## II. LÉXICO:

-Campos semánticos: Filosofía; Institucións políticas e sociais; Tecnoloxía.

## III. LITERATURA:

-O teatro: traxedia e comedia.

-Lectura: Edipo Rei de Sófocles e Asemblearias de Aristófanes.

-A oratoria.

· 3ª avaliación:

#### I. LINGUA GREGA:

-Cadro xeral das declinacións en grego. Substantivo e adxectivo.

-Verbos mudos.

-Verbos líquidos.

-Verbos atemáticos en –mi.

-Clasificación xeral do verbo grego.

-Proposicións subordinadas adverbiais: causais, temporais, finais, consecutivas; comparativas, condicionais, concesivas.

#### II. LÉXICO:

-Campos semánticos: Economía; Bioloxía; Matemáticas e Física.

#### III. LITERATURA:

-A lírica grega.

-Lectura: antoloxía de textos de Safo, Alceo e Arquíloco .

-A filosofía.

#### III.3.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS

- Flexión nominal: recoñecemento, análise e tradución das formas nominais e pronominais regulares e irregulares estudadas durante o curso.

- Flexión verbal: recoñecemento, análise e tradución de formas verbais de aparición frecuente nos textos gregos traballados.

- Análise morfosintáctica e tradución de textos gregos en versión orixinal, escritos en prosa ática dos séculos V-IV, especialmente textos de Xenofonte.

- Recoñecemento e significado dos helenismos de maior uso nos distintos campos semánticos das materias estudadas no Bacharelato.

- Coñecemento das características básicas dos xéneros literarios estudados durante o curso e dos autores e obras máis salientables de cada un deles.

- Comprensión e comentario das lecturas obrigatorias.

#### III.3.4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e analizar en textos orixinais os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación.

- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.

- Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.

- Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso, manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para mellorar a comprensión do presente.

- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.

#### III.3.4.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

En Grego II faremos tres probas obxectivas por trimestre: dúas de tradución e análise morfosintáctica e unha sobre contidos de literatura, que incluírá ademais cuestións sobre etimoloxía.

As cualificacións distribúense da seguinte maneira:

60 %: examen de avaliación trimestral

- 40%: media das avaliacións de traballos, actividades ou exames ao longo do trimestre. Será necesario aprobar cada un destes bloques de contidos para obter unha cualificación positiva en cada trimestre. Por outra parte, a cualificación global das probas obxectivas suporá un 80% da cualificación global do trimestre; o 20% restante comprenderá as cualificacións obtidas nas diferentes actividades, tarefas e traballos realizadas ao longo do trimestre. A cualificación final será calculada aplicando as mesmas porcentaxes.

Aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen os obxectivos previstos en algún destes trimestres, poderán optar á realización dunha proba de recuperación final no mes de xuño, na que será necesario acadar unha puntuación de 5 para obter unha cualificación positiva. A profesora determinará en cada caso particular, a necesidade de que un alumno ou alumna presente tarefas adicionais que considere que non foron efectuadas de xeito satisfactorio no momento da súa realización e que se consideran incluídas dentro dos contidos mínimos prescritos para obter unha cualificación positiva.

Aqueles que non obteñan unha cualificación de 5 ou superior nesta proba de recuperación, poderán presentarse á realización dunha proba obxectiva na convocatoria extraordinaria do mes de setembro, na que terán que acadar como mínimo unha puntuación de 5 para considerar a materia aprobada.

Aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen os obxectivos previstos en algún destes trimestres, poderán optar á realización dunha proba de recuperación final no mes de xuño, na que será necesario acadar unha puntuación de 5 para obter unha

cualificación positiva. O profesor determinará en cada caso particular, a necesidade de que un alumno ou alumna presente tarefas adicionais que considere que non foron efectuadas de xeito satisfactorio no momento da súa realización e que se consideran incluídas dentro dos contidos mínimos prescritos para obter unha cualificación positiva.

Do mesmo modo o profesor determinará en cada caso particular se algúns dos contidos, especialmente lingüísticos se consideran recuperados polo feito de demostrar en exames posteriores que se cumpren os obxectivos prescritos.

Aqueles alumnos ou alumnas que non obteñan unha cualificación de 5 ou superior nesta proba de recuperación, poderán presentarse á realización dunha proba obxectiva na convocatoria extraordinaria do mes de setembro, na que terán que acadar como mínimo unha puntuación de 5 para considerar a materia aprobada.

#### IV. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Independentemente dos procedementos de avaliación que especificamos para cada materia, faremos neste apartado unhas consideracións xerais sobre os procedementos e instrumentos de avaliación que son de aplicación para todas as materias competencia do departamento, co fin de evitar unha repetición innecesaria.

Así, para todas as nosas materias e de maneira xeral, propoñemos tres modalidades de avaliación:

- Inicial: Necesaria para pescudar cales son os coñecementos previos do alumnado en relación cos contidos e as técnicas que se van tratar. Farase ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe, dende logo ao comezo do curso, e tamén cada vez que comecemos a traballar un bloque de contidos novo ou a aplicar unha nova técnica de traballo. Os métodos para levala a cabo serán: a documentación existente no centro, informes de profesores ou profesoras, os resultados de avaliacións anteriores, se é o caso, os sempre útiles remuíños de ideas, e algunha tarefa concreta, como respostas a cuestionarios propostos, que variarán en función do obxecto da avaliación e do momento da súa realización.

- Formativa: Levarase a cabo, fundamentalmente, por medio da observación sistemática, e os resultados obtidos rexistraranse nas listas de control empregadas para tal efecto e no diario de clase elaborados polo profesor. É evidente que nesta parte da avaliación cobran especial importancia as actividades realizadas diariamente na aula, xa sexan individuais ou en grupo.

- Final ou sumativa: Compróbase o grao de consecución dos obxectivos tendo en conta os criterios de avaliación. Permite detectar avances e/ou dificultades antes de abordar a seguinte secuencia de aprendizaxe, constatar a validez da programación e, sen dúbida, avaliar tamén a actividade docente co fin de modificar ou regular, se é o caso, aquilo que se considere procedente. Os resultados da avaliación final non serán de ningún modo os únicos datos que se terán en conta, senón que haberá que relacionalos cos obtidos a través das avaliacións inicial e formativa.

Para valorar o nivel de aprendizaxe do alumnado poñeranse en práctica os seguintes procedementos de avaliación, que formulamos aquí de modo xeral, deixando para o desenvolvemento das unidades didácticas o detalle dos instrumentos concretos de avaliación empregado en cada unha delas:

- Observación sistemática dos distintos aspectos relacionados cos conceptos, procedementos e actitudes que rodean a aprendizaxe do alumnado, levada a cabo mediante listas de control e o diario de clase, durante todo o curso.
- Revisión periódica de tarefas e control dos datos obtidos mediante guías e fichas de rexistro.

- Resumos, cuestionarios e outras actividades para realizar a partir de textos entregados ao alumnado con ese obxecto. Os textos estarán relacionados con aspectos relativos á materia que se imparta neses momentos e poden ser de diferente natureza.
- Traballos sinxelos de investigación, para a realización dos cales en ningún caso se esixirá ao alumnado que empregue recursos que estean fóra do alcance das súas posibilidades, pero nos que deberá constar de xeito rigoroso a indicación das fontes empregadas na elaboración dos mesmos.
- Probas obxectivas, nas que se incluírán cuestións sobre unha materia previamente determinada e que ocuparán unha sesión de clase completa.

A avaliación será continua ao longo de todo proceso de aprendizaxe, se ben ao remate de cada período lectivo farase unha avaliación final que valorará os resultados acadados polos alumnos e alumnas. O sistema de cualificación detallámolo en en cada unha das materias do departamento nos apartados de criterios e procedementos de avaliación.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás actividades programadas, polo que os alumnos ou alumnas que, debido ás faltas de asistencia inxustificadas ou ao abandono manifesto da materia, perdan o dereito a avaliación continua, serán avaliados a través dunha proba obxectiva que versará sobre a totalidade dos contidos traballados ao longo do curso, e deberán entregar ao profesor aquelas tarefas determinadas como imprescindibles para acadar os obxectivos previstos.

## V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Esta programación baséase nos principios de intervención educativa de orientación construtivista, entre os que destaca a busca de significación das aprendizaxes, polo tanto:

- Comezarse indagando sobre os coñecementos previos adquiridos polo alumnado como resultado de experiencias educativas anteriores, escolares ou non, de tal xeito que poida, a partir deles, construír aprendizaxes significativas, modificando e actualizando os esquemas de coñecemento que posúe e establecendo vínculos substantivos entre o novo contido e o que xa sabe.

- Darase prioridade ao coñecemento práctico sobre o coñecemento teórico. As actividades estarán adecuadas tanto ás características psicolóxicas do alumnado ao que van destinadas como aos contidos curriculares, en conexión cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

- Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de forma que o alumno/a poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.

- Fomentarse a reflexión persoal sobre o realizado e elaboraranse conclusións, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

- Considerarase o coñecemento e a utilización de estratexias habituais na actividade científica: a formulación e resolución de problemas; a utilización de fontes de información da maneira máis sistemática e organizada posible de acordo coa súa idade; a formulación de hipóteses; a recollida organización e análise de datos; a discusión das conclusións e a comunicación dos resultados.

- Amosarse tolerancia ante os erros, considerados normais nos procesos de aprendizaxe, e evítanse actitudes descualificadoras, permitindo que os alumnos e as alumnas xoguen un papel activo e crítico. Os erros e os conceptos previos máis que motivo de corrección, conducirán á reflexión e serán un elemento orientador da aprendizaxe.

- Favorecerase a participación do alumnado na dinámica da clase. O profesor contribuirá a crear un ambiente de traballo de confianza, respecto e tolerancia, e propiciará unha comunicación fluída co alumnado, xa que a actitude favorable aumenta a motivación e, en consecuencia, o seu nivel de autoestima.

- Conectarase o estudo das linguas clásicas con outras materias do currículo (interdisciplinariedade) e coas actividades xerais do centro educativo.

Ao comezo de cada secuencia de aprendizaxe indagarase acerca dos contidos previos sobre os coñecementos a tratar, por medio remuíños de ideas, cuestionarios breves e outras actividades apropiadas. Trataremos de saber ata que punto os alumnos e alumnas interiorizaron, a través das distintas vías que influen ou influíron na súa formación, aqueles conceptos que poden servir como punto de partida para afrontar o estudo da nosa materia.

No estudo da gramática aspirábase a que os coñecementos saian o máis posible do uso e da reflexión sobre a lingua, e non á inversa. Sinalaremos, ademais, que os conceptos gramaticais revisaranse unha e outra vez ao longo do curso, afrontados dende distintas ópticas. A nosa metodoloxía dará prioridade ao coñecemento práctico sobre o coñecemento teórico, ofrecendo do modo máis sinxelo, que non trivial, as nocións gramaticais e lexicográficas pertinentes. Polo tanto, os exercicios de morfoloxía e sintaxe serán constantes, propiciando unha actividade intensa por parte do alumnado, para evitar que se converta nun mero receptor pasivo.

O grego clásico, o latín, o galego e o castelán serán para nós as referencias prioritarias, aínda que tamén faremos referencia á aparición de compoñentes gregos e latinos noutras linguas actuais. O alumnado buscará helenismos e latinismos derivados do léxico traballado nas cuestións gramaticais, para o que deberá empregar distintas fontes de información: dicionarios de lingua, etimolóxicos, etc. , tanto en papel como en formato dixital. Así mesmo, deberá recoñecer e comentar a presenza de elementos gregos e/ou latinos no vocabulario da lingua propia, e explicar o seu significado etimolóxico. Os datos obtidos serán arquivados con orde e claridade no caderno de traballo, e serán empregados ao longo do curso como material de consulta de elaboración propia. Pretendemos que os alumnos e alumnas manexen diferentes fontes de información e procesen, organicen e arquiven a información obtida, favorecendo así, a súa capacidade de organización .

En canto á tradución, traballaremos constantemente os procedementos, é dicir, as técnicas precisas para facer unha tradución correcta. Ao longo de todo o curso, daremos as indicacións necesarias para traducir os textos segundo os contidos traballados, tendo en conta que o nivel de complexidade destes irá aumentando paulatinamente. Para a aprendizaxe dos procedementos empregaremos a presentación dun modelo, que será repetido ata que se converta en algo automático para o alumnado.



## VI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No deseño da programación debemos ter en conta a resposta ás diferentes necesidades educativas que pode presentar o alumnado. Independentemente das medidas tomadas a nivel de centro, teremos presentes as diferentes necesidades educativas dos alumnos ou alumnas á hora de organizar o traballo na aula, coa permanente coordinación co/a titor/a e o departamento de orientación. As medidas de flexibilización curricular referiranse tanto á metodoloxía como á avaliación.

Propoñemos como medidas de atención á diversidade:

- Secuencias de contidos que aseguran aprendizaxes básicas para todo o grupo e coñecementos de maior complexidade para algúns.

- Actividades variadas e con distinto nivel de dificultade, e adaptación dos tempos asignados á realización destas en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Recursos e materiais diferenciados que contemplan distintos estilos de aprendizaxe.

- Criterios de avaliación que contemplan diferentes graos de logro.

- Actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.

- Actividades de ampliación para o alumnado que supere os obxectivos propostos.

## VII. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Coas materias de Latín, Grego e Cultura clásica pretendemos contribuír ao desenvolvemento de actitudes favorables á lectura, como unha importante contribución á paulatina capacitación do alumnado, de cara á súa función como cidadáns activos e solidarios.

Procuraremos fomentar a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria, para que poida enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

As nosas materias van necesariamente unidas á lectura, comprensión e interpretación de textos. Traballaremos con textos de moi distinta natureza: narrativos, poéticos, expositivos, xornalísticos, etc. e de épocas, lugares e autores moi diferentes, o que favorecerá unha perspectiva ampla e aberta de cara á literatura.

Ao longo de cada un dos trimestres, o noso alumnado terá a oportunidade de ler, interpretar e comentar textos da literatura clásica, traducidos ao galego ou ao castelán, e textos doutras literaturas europeas (especialmente a galega e a castelá), que recollan ou reflectan dalgún xeito os motivos da cultura grecolatina, co fin de que recoñeza e valore a achega dos gregos e dos romanos á civilización occidental.

Nas materias de Latín II e Grego II, de 2º de Bacharelato, consideraremos lecturas obrigatorias as prescritas pola CIUG para as PAU e que aparecen recollidas no apartado dos contidos en cada unha das materias.

Nas materias de 1º de Bacharelato e 4º da ESO, as lecturas obrigatorias, que terán lugar a partir do 2º trimestre, serán concretadas e determinadas ao longo do curso.

## VIII TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Pensamos que é importante destacar a pertinencia da progresiva incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, co fin de fomentar a procura de información na rede e facilitar ao alumnado as ferramentas para facelo, educar no espírito crítico para seleccionar a información útil, reforzar as comunicacións entre o alumnado de diferentes centros e utilizar os recursos dixitais para recibir e crear información, así como para difundila.

Para conseguir estes obxectivos, pretendemos que o noso alumnado empregue ao longo do curso:

- procesadores de textos para redactar, revisar a ortografía, facer resumos, esquemas, gráficos, etc.

- programas de correo electrónico, como intercambio de información con alumnado doutros centros.

- prensa dixital

- buscadores

- enciclopedias virtuais

- presentacións en Powerpoint, para a realización de sinxelos traballos de investigación

- actividades tipo Hot Potatoes, para a realización de actividades como encrucillados, encher ocos e campos, etc.

- visitas a páxinas de Internet, nuns casos para ampliar os coñecementos relativos a algún contido e noutras ocasións para realizar actividades a través de determinados enlaces.

## IX. EDUCACIÓN EN VALORES

Partimos do convencemento de que a educación en valores ten que impregnar a actividade docente e estar presentes na aula permanentemente, como un conxunto de contidos que interactúan en todas as materias do currículo.

No desenvolvemento das materias do noso departamento, o alumnado terá a oportunidade de contrastar diferentes maneiras de entender a vida, así como distintas crezas e valores, polo que será útil para fomentar nel o respecto e o interese por outras culturas. Poderá observar tamén diferentes modelos de organización política e social, que lle servirán para reflexionar sobre situacións de inxustiza e discriminación e actuar e consecuencia. Nun ámbito máis concreto, insistirase na importancia da aceptación das normas que rexen a convivencia na comunidade escolar, en xeral, e na aula en particular, recalcando a necesidade do seu cumprimento e promovendo a imitación dese comportamento cívico fóra da aula.

O estudo da cultura grecolatina dá acceso a un panorama histórico no que moitos dos acontecementos ocorridos xiran ao redor de guerras e ocupacións militares duns pobos sobre outros, ofrecéndolle ao alumnado a oportunidade de reflexionar sobre a necesidade de resolver os conflitos polas vías da non-violencia. No ámbito escolar fomentaremos a toma de decisións dialogadas e de consenso, as solucións razoables aos posibles conflitos, a cooperación entre compañeiros e compañeiras, o respecto polo traballo e as opinións dos demais e todas aquelas actitudes que impliquen e fomenten unha boa convivencia cos demais.

A comparación da sociedade actual coa sociedade grecolatina axudará a reflexionar sobre o papel da muller na Antigüidade e a evolución desta situación ata hoxe en día. Esta reflexión poderá servir de base para fomentar que a igualdade entre ambos sexos sexa unha realidade nas nosas aulas, a través do rexeitamento de toda actitude discriminatoria, e incluíndo un coidado escrupuloso no uso da lingua, de xeito que non conteña elementos que poidan atentar contra a igualdade e a tolerancia.

A través dos textos clásicos e das demais fontes de información, o alumnado observará a importancia do coidado do corpo e do deporte no mundo grecorromano e apreciará a súa importancia para a saúde e o desenvolvemento do individuo como membro duna comunidade. Tratarase de fomentar esta actitude, poñendo especial énfase nas normas que garantan unhas condicións óptimas de estudo e de traballo, incidindo nos riscos do uso prolongado do ordenador e do teléfono móbil, as posturas ao sentarse, a iluminación, etc.

Incidiremos na importancia do aforro de materiais coma o papel ou a enerxía para un menor deterioro do Planeta, fomentando o uso de materiais reciclados e a boa utilización dos instrumentos eléctricos e electrónicos que empreguemos nas aulas.

## X. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Contémplase a posibilidade de organizar unha viaxe a Roma para os alumnos de Latín e Grego do Bacharelato no segundo trimesre do curso de xeito que non interfira nos períodos de exames e se acade un número suficiente de participantes.

Se se da o caso, poderase organizar outras actividades de interese.

## XI Criterios para avaliar a programación

Os criterios utilizados para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

## Índice

<b>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE GREGO</b>	<b>0</b>
<b>I. INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>1</b>
<b>II MARCO LEGAL DE REFERENCIA.</b>	<b>2</b>
<b>III. MATERIAS</b>	<b>4</b>
<b>III.1 CULTURA CLÁSICA.</b>	<b>4</b>
III.1.1. Competencias Clave	4
<b>III.1.2. 3º ESO</b>	<b>6</b>
III.1.2.1. Desenvolvemento das competencias clave	6
III.1.2.2. Obxectivos.	18
III.1.2.3. Contidos (estándares de aprendizaxe)	19
III.1.2.4. Contidos mínimos	21
III.1.2.5. Criterios de avaliación	21
III.1.2.6. Metodoloxía didáctica	23
III.1.2.7. Procedementos e instrumentos de avaliación	25
III.1.2.8. Actividades de recuperación	27
III.1.2.9. Materiais e recursos didácticos	27
III.1.2.10. Actividades complementarias e extraescolares	27
<b>III.1.3. 4º ESO</b>	<b>27</b>
III.1.3.1. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.	27
III.1.3.2. OBXECTIVOS	29
III.1.3.3. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE	29
III.1.3.4. CONTIDOS MÍNIMOS.	30
III.1.3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	31
III.1.3.6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN . PAUTAS DE CORRECCIÓN.	31
<b>III.2 LATÍN</b>	<b>33</b>
III.2.1. Competencias Básicas	33
<b>III.2.2. LATÍN 4º ESO</b>	<b>34</b>
III.2.2.1. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS	34
III.2.2.2. OBXECTIVOS	35
III.2.2.3. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE.	36
III.2.2.4. CONTIDOS MÍNIMOS.	39
III.2.2.5 . CRITERIOS DE AVALIACIÓN.	40
III.2.2.6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	40
<b>III.2.3. 1º de BACHARELATO</b>	<b>41</b>
III.2.3.1. Competencias clave	41
III.2.3.2. Obxectivos	53
III.2.3.3. Contidos conceptuais	54
III.2.3.4. Contidos actitudinais	63
III.2.3.5. Contidos mínimos	63
III.2.3.6. Criterios de avaliación	64
III.2.3.7. Metodoloxía didáctica	65
III.2.3.8. Procedementos e instrumentos de avaliación	65

III.2.3.9. Actividades de recuperación	66
III.2.3.10. Materiais e recursos didácticos	67
<b>III.2.4. LATÍN 2º Bacharelato</b>	<b>68</b>
III.2.4.1. OBXECTIVOS	68
III.2.4.2. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE	69
III.2.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS	71
III.2.4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.	71
III.2.4.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	72
<b>III.3. Grego</b>	<b>72</b>
III.3.1. Competencias clave	72
III.3.2. Obxectivos xerais da materia de Grego	74
<b>III.3.3. 1º BACHARELATO</b>	<b>75</b>
III.3.3.1. Desenvolvemento das competencias clave	75
III. 3.3.2. Obxectivos.	82
III.3.3.3. Contidos (estándares de aprendizaxe)	82
III.3.3.4. Contidos mínimos	87
III.3.3.5. Criterios de avaliación	88
III.3.3.6. Metodoloxía didáctica	91
III.3.3.7. Procedementos e instrumentos de avaliación	92
III.3.3.8. Actividades de recuperación	93
III.3.3.9. Materiais e recursos didácticos	94
<b>III.3.4. Grego 2º bacharelato</b>	<b>94</b>
III.3.4.1 OBXECTIVOS	94
III.3.4.2. CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR TRIMESTRE	95
III.3.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS	97
III.3.4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	97
III.3.4.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	98
<b>IV. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>100</b>
<b>V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>	<b>102</b>
<b>VI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>104</b>
<b>VII. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA</b>	<b>105</b>
<b>VIII TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC</b>	<b>106</b>
<b>IX. EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<b>107</b>
<b>X. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>108</b>
<b>XI CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN</b>	<b>108</b>

